

## FIN DE SEMANA NO CONCELLO DE A MEZQUITA

Días 21, 22 e 23 de outubro do 2011

**Organizadores:** Ponte, Minu, Marisa, colaboraron M<sup>a</sup> José e Isabel

**Aloxamento e almuerzo:** Restaurante pensión "O Cazador" no Pereiro, habitaciónes dobles con baño

<http://www.restaurantepensioncazador.com/>.

Faremos unha cea magosto xunto coa **Asociación Os Tres Reinos**. <http://www.ostresreinos.org/>

**Nº de prazas:** 30

**Prazo de inscrición:** Ata o 18 de outubro, inclúe transporte, aloxamento, dous almuerzos e a cea do sábado

**Precio:** 100 euros socios, 120 non socios

Levar comida para o sábado e o domingo.

**Material:** Imprescindible botas, levar roupa de abrigo e unha zona bastante fría.

Recollerase xente en Santiago e Ourense, para outros lugares contactar coa organización

### A zona

O concello de A Mezquita situado na zona suroriental da provincia de Ourense, ocupa unha parte da Comarca das Frieiras, formada polos Concellos de A Gudiña, Vilariño de Conso e Riós. O nome de "As Frieiras" débese as propiedades que na zona tiñan os monxes ou frailes "freires".

Dende Zamora e dende o nordeste portugués, a porta de entrada en Galicia está na Mezquita, a máis de 1.200 metros de altura no porto histórico da Canda. Este municipio constitúe un territorio de terras altas dominado por serras e penechairs. As extensas penechairs centrais, están sucadas po unha densa rede fluvial cuxos ríos verten as súas augas nas concas do Douro portugués (ríos Pereiro, Chao do Porco, As Veigas, Cádavos) e delimitadas por sistemas montañosos. No sector setentrional localízanse, cara o oeste, a Serra do Canizo co Chao do Porco (1471m) e cara o leste o Aguallal (1666), Valdeinfantes e Portela da Canda. No límite coa provincia de Zamora, de noreste a surleste pola Serra de Marabón e xa fronteiriza con Portugal, sitúase a a Serra da Esculqueira.

En canto a vexetación hai que destacar as grandes masas de castiñeiros, así como bidueiros, freixos e salgueiros. Poderíase dicir que os pobos abríganse a sombra de vellos castiñeiros. Un dos soutos centenarios da comarca atópase neste concello, no pobo de Chaguazoso.



Por este concello pasa o Camiño de Santiago na variante chamada "Ruta da Prata" ou "Ruta Mozárabe"; percorrерemos un anaquiño dela.

Outra ruta a destacar neste concello é a "Ruta da Pana" ou Ruta Bragantiña xa que ten a súa orixe en Braganza (Portugal). Alí cultivábase e tecíase o liño en grandes producións que servían para facer a pana. Para a súa comercialización, o liño tiña como destino Barcelona. Esta ruta partía de Braganza, pasaba por Vinhais, Moimenta, e cruzaba a fronteira hispaño-lusa, entre os pobos de Cádavos e Manzalvos. Alí existía unha aduana moi importante pola súa singularidade, ser o único paso fronteirizo do país dedicado ao paso da pana. Despois a Ruta transcorría por Chaguazoso, pasaba polo pobo de A Mezquita e tamén por Pereiro, para despois seguir polo concello

de Viana do Bolo ata chegar a A Rúa e coller o ferrocarril cara Barcelona. Tamén pasaremos por distintos tramos desta ruta.

Existen restos castrensés aínda que sen escavar. Así temos o pobo denominado Castromil. Unha parte do pobo pertence o Concello de A Mezquita e outra ó de Hermisende (Zamora), onde hai restos. En Chaguazoso e en Santigoso tamén existen restos deste tipo.

## Percorridos:

### **Día 22: O Pereiro-Alto da Canda-Ruta do Castelo-Santigoso-A Mezquita**

Comezamos o noso percorrido xunto o restaurante “O Cazador” para ir o pobo de O Pereiro (lugar onde abundan as pedras, como é o caso dos montes deste pobo), dende aquí ata o Alto da Canda iremos pola Ruta da Prata pero en sentido contrario.



Cruzamos o pobo de O Pereiro, pasando por varias fontes unha delas é a Fonte das Charquelas. O Pereiro é un pobo con varios exemplos de arquitectura popular e nel atópase a Igrexa de San Pedro que pertence ao século XIX. Seguindo o camiño chegamos a Capela Da Nosa Señora do Loreto. Esta capela ten gran importancia dentro da historia do concello por ser o punto de encontro do Camiño da Prata coa Ruta da Pana ou ruta Bragantiñá. Seguimos cara a o pobo de Vilavella indo un anaco paralelos o río Abredo.

Cruzamos Vilavella, onde hai que destacar a Igrexa de Santa María da Cabeza do século XIX e a capela do Santo Cristo do século XVIII. Paseniño paseniño chegamos o pobo de A Canda coñecido como A porta de Galicia, por ser o primeiro pobo de Galicia que se atopa cando se ven pola meseta castelá.

Subindo, subindo chegamos o Alto da Canda, nesta cima aínda que totalmente arruinada, permanece parte da Venta de Riba, pousada que xa estaba alí na Idade Media.

Nesta pousada era onde enlazaban co transporte motorizado os contrabandistas, tamén chamados estraperlistas, que a través do monte, traían sobre todo café de Portugal. Disque, si a pousadeira sacaba un pano branco, era sinal de que podían entregar o estraperlo sen risco.

Cambiamos agora de dirección para ir hacia o sur pola serra da Azoreira cara o Castelo. Comezamos a media ladeira para subir despois pola cordal, onde teremos unhas fermosas vistas do concello da Mezquita pola dereita e da Serra de Marabón e o concello de Hermisende (provincia de Zamora) pola esquerda.



O castro do Castelo emprázase nunha acrópole, un outeiro coroado por un afloramento residual de granito, a 1254 m, situado no medio da serra da Azoreira. É o castro máis alto e visible de toda a contorna, o seu dominio visual é amplísimo a curta, media e longa distancia, controlando non só as chairas e vales da Mezquita, senón tamén a comarca das Frietas, parte das terras portuguesas de Tras os Montes e as zamoranas de Lubián e Hermisende.



Dende o castro iremos cara o pobo de Santigoso, cruzaremos este pobo para finalizar a andaina no pobo de A Mezquita.

Non nos podemos ir do pobo De A Mezquita sen dar unha volta pola súa parte máis antiga, onde se atopa a Igrexa de San Martiño que data do ano 1.712, obra de Simón de Monasterio, de estilo barroco, o Pazo da Casa de Lánacara (Pazo dos Cardóniga), de finais do século XV e a Casa e Praza de Augusto Assía.

Dificultade: Media

Distancia: 20 km

Desnivel: 350 m

## Día 23: Chaguazoso-O Cabezo-Muiño vello-Manzalvos-Cádavos-Fraga dos Tres Reinos-Moimenta-Ponte sobre o río Tuela-Moimenta



Comeza a nosa andaina no fermoso pobo de Chaguazoso, rodeado de soutos de castiñeiros, no que veremos varias casas de arquitectura rural típica, destacando entre elas a Casa Rectoral. Dende aquí subimos o castro de O Cabezo. É un castro tipo “acrópole” emprazado no cumio dun gran outeiro, aquí chamados cabezos, a 1.047 m. de altitude. Dende aquí controlase visualmente unha extensa zona do trazado da “Calzada das Minas”, vía romana que dende Chaves, por Riós, a Gudiña e a Mezquita se dirixe cara a Astorga, atravesando comarcas moi ricas en estaño. O propio castro está relacionado directamente cun xacemento de estaño. Dende aquí, entre soutos de grandes e fermosos castiñeiros dirixímonos cara ó Muiño Vello que está o carón do río Cádavos. Sempre entre castiñeiros e a beira do río Cádavos dirixímonos cara ó pobo de Manzalvos, onde hai que destacar a Igrexa de Santo Antonio de estilo románico e

o Pazo da Nosa Señora das Candelas.

Imos agora a Cádavos, onde temos unha boa fonte para renovar a auga. Neste pobo destaca a Cása dos Ceballos, de estilo popular e a Igrexa de Santa María Magdalena de estilo neoclásico popular, dos séculos XVIII-XIX.

Pola Ruta da Pana, entre carballos e castiñeiros primeiro e despois por un gran chaira chegamos a Fraga dos Tres Reinos.

A “Fraga dos Tres Reinos” é unha elevación de 1.025 metros de altitude integrada no sistema montañoso da serra de Marabón, na fronteira entre os tres vellos reinos medievais de Portugal, León e Galiza, de onde lle ven o seu nome.

O Penedo sitúase na fronteira entre o pobo de A Moimenta, no concello de Vinhais, o concello de A Mezquita, na provincia de Ourense (Comunidade Autónoma de Galicia) e o concello de Hermisende, na provincia de Zamora (Comunidade Autónoma de Castela e León).



En 1864, co trazado definitivo, firmado pola Comisión de Límites das fronteiras entre Portugal e España, mantívose a fronteira de séculos nesta rexión. A pesar de que hoxe en día os tres reinos, aos que alude o nome da fraga, xa non existen (Portugal tornouse unha república e Galiza e León foron integradas no reino de España), a súa vella e secular designación mantívose inalterada. Como corresponde aos dialectos galego-surorientais a palabra fraga é un equivalente de “penedo ou rocha”.

Enlace da Historia dende a Wikipedia:

Diz a tradición que, en tempos mais remotos, o rei D. Afonso III passou pela localidade Moimenta onde se hospedou por algúns días, na casa da residencia aí deixou una carta de “foro” e outros privilegios escritos em pergaminho. Não se sabe ao certo quando foi, mas supõe-se que foi em 1253, ano em que foi sucedido foral á Vila de Vinhais e Bragança. Como conta a tradição, havia “questões” fronteiriças com as aldeias Portugal/Moimenta, Leão/Cádavos e Castela/Castromil isto consequência da existência das fontes que nascem junto à linha da Raia e se estendem para Portugal. Os Espanhóis reclamavam a sua posse, ficando os portugueses com alguns direitos. A Fonte do Moço, por exemplo, nasce bem abaixo da Raia, terreno português que no Verão secava, mas a fonte dos três reinos nunca secava e era de grande importância para os gados beberem. Esta situa-se no extremo da área das três aldeias acima referidas e em pleno Verão não existem outras nas proximidades.

Quando o rei português veio à Moimenta, convocou uma reunião (Os três Reis) para solucionarem esses

problemas. Chegaram então a um acordo criando uma área de aproximadamente 1000m<sup>2</sup>, onde existia um poço de terra batida (hoje em cimento) considerado bebedouro comum aos três povos (aberbadero comum aos três poblos). Ainda hoje existe na povoação espanhola da Mesquita e da Moimenta, um documento escrito pelas autoridades fronteiriças, a quando da colocação dos “marcos intermédios”, a fazer referência ao dito bebedouro.

Na aldeia de Moimenta encontra-se um rochedo conhecido por “A Fraga dos Três Reinos”, onde existem três cruces esculpidas numa rocha, cada qual voltada para o seu reino, que teriam sido mandadas construir pelos três Monarcas.

Na documentação encontrada faz-se ainda referência a uma merenda dos Monarcas onde se teria dito “bebemos da mesma fonte, comemos na mesma mesa (Fraga dos Três Reinos) cada um voltado para o seu reino”.

Dizem os habitantes da Moimenta que ouvem cantar os galos de três Reinos.

Depois de tomar un bo grollo na fonte onde beberon os reis, comezamos un suave descenso cara a fermosa aldea portuguesa de Moimenta. <http://moimenta.com/>



Moimenta, tamén coñecida como Moimenta da Raia pola súa fronteira con España, é considerada unha das xoias do Parque Natural de Montesinho. As súas casas de granito tosco son un bo exemplo de integración harmoniosa do home no medio. Aparte da Igrexa monumental tamén conserva varios indicios da vida comunitaria, fornos, muiños, eiras....

Río Tuela, un sendeiro empedrado con pinta de ter sido nalgún tempo calzada romana. Volvemos a Muimenta para tomar un grollo do que sexa, no bar do pobo (recomendase o vermut de barril).

Dificultade: Media  
Distancia: 18 km  
Desnivel: 300 m

**Organizadores:** Ponte, Minu, Marisa, colaboraron M<sup>a</sup> José e Isabel

**Aloxamento e almorzo:** Restaurante pensión “O Cazador” no Pereiro <http://www.restaurantepensioncazador.com/>.

Faremos unha cea magosto xunto coa a **Asociación Os Tres Reinos**. <http://www.ostresreinos.org/>

